

Decreto.- A Pobra de San Xiao (Lán cara), 20 de xuño de 2017.

No expediente incoado por decreto desta alcaldía de 13 de xuño para a selección de 1 "Bañista- socorrista" subvencionado ó abeiro da orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 2 de maio de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o exercicio de 2017 as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación

Realizada a oferta ó Servizo de Emprego de Sarria arrojan o seguinte resultado:

Oferta nº 12-2017-5715.- 1 Bañista socorrista

- 1º) Hugo Gallego López
- 2º) Antonio López López
- 3º) Rodrigo López Mozo

En cumprimento de canto se prevé na base cuarta das que rexen a contratación relativa a "Forma e prazo de presentación dos candidatos" que di:

"A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 14º da Orde do 2 de maio de 2017, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. Non se requerirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Lán cara e na súa páxina web (www.concellodelancara.com).

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado para a súa presentación no Concello de Lán cara, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos-relacionándose no anexo II), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable)".

Polo exposto, RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista de admitidos seguinte:

- 1º) Hugo Gallego López
- 2º) Antonio López López
- 3º) Rodrigo López Mozo

Segundo.- O acto de valoración de méritos, do sistema de concurso, realizarase hoxe día 26 de xuño de 2017, ás 10:00 horas, notifíquese a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Terceiro.- Citar aos membros do tribunal cualificador e aos aspirantes admitidos, co obxecto de proceder á realización das entrevistas ás 10:00 horas. Os/as aspirantes deberán vir provistos de DNI ou documento que o substitúa.

Mándao e asínao o señor alcalde do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Darío A. Piñeiro López

Mónica Vázquez Fandiño